



*Un destino por descubrir*

# Porto de Vilagarcía



Óptima localización, no noroeste da península ibérica



Centro urbano a só 10 minutos camiñando dende o porto



Porto máis próximo a Compostela, patrimonio da Humanidade



Destino acolledor co turismo e os cruceristas



Principal localidade dun área de gran beleza natural



Capital da Ría de Arousa, recoécida pola súa gastronomía



Área de produción do excelente viño branco DO Rías Baixas



Proximidade a algún dos máis importantes pazos galegos



Porto de Vilagarcía






# Listos para darche a *benvida*

O porto de Vilagarcía goza dunha situación privilexiada no centro xeográfico da costa atlántica galega. A vila é un excelente punto de partida para visitar a zona de Arousa-O Salnés ou cidades como Santiago de Compostela ou Pontevedra, grazas ás súas modernas e eficientes infraestruturas de transporte.

Vilagarcía e a bisbarra ofrecen numerosos atractivos dende o punto de vista paisaxístico, artístico, cultural ou histórico. En cada unha das súas vilas, o visitante poderá descubrir recunchos únicos que farán a súa estancia inesquecible.



# Que podemos hacer por ti?



## INFRAESTRUTURAS PARA CRUCEIROS

O porto de Vilagarcía pode recibir escalas de cruceiros en varios peiraos.

O peirao do Ramal, o máis próximo á zona urbana, está dispoñible para pequenos cruceiros, mentres que os de maior tamaño adoitan atracar en Ferrazo Norte, Comboa ou Comercial, os cales dispoñen de maior liña para atracar estes buques.

## ATENCIÓN AO VISITANTE

Co obxectivo de facer máis atractiva a experiencia dos pasaxeiros e da tripulación, o porto ofrece un servizo de transporte gratuíto en cada porto de escala. Un tren turístico leva aos visitantes ao centro da cidade e de volta ao porto. Este servizo gratuíto está dispoñible durante toda a duración da escala, desde 30 minutos despois da chegada do barco ata 30 minutos antes da súa saída.

O porto tamén habilita un Punto de Información ao Visitante durante as escalas

## INFORMACIÓN ÚTIL

### Localización

Latitude: 42° 36´ N

Lonxitude: 8° 46´ W

### Peiraos para cruceiros

Ferrazo Norte: 13 m calado,

380 m liña de atraque

Comercial Oeste: 13 m calado,

313 m liña de atraque

Comercial Norte: 13 m calado,

140 m liña de atraque

Ramal: 7 m calado,

252 m liña de atraque

### Sevizos portuarios

Practicaxe: obligatorio

Amarre: obligatorio

Remolque: Non obligatorio.

Dispoñible se así se solicita, por condicións meteorolóxicas adversas ou por motivos de seguridade.

### Requisitos para o acceso de cruceiros ao porto:

Eslora: máximo 275 m

Manga: sen restriccións

Calado: máximo 9 m



# Coñecendo a nosa contorna

Vilagarcía, con máis de 37.000 habitantes, é a principal cidade de Arousa-O Salnés. A cidade ofrece ao visitante un amplo abano de experiencias: praia urbana e paseo marítimo para gozar do bo tempo das Rías Baixas; un centro urbano animado e de fácil acceso con tendas modernas e tradicionais; a illa de Cortegada, pertencente ao Parque Nacional das Illas Atlánticas; patrimonio relixioso e monumental: pazos, igrexas, restos arqueolóxicos e impresionantes xardíns.



*Segue o camiño a Compostela*

Dende Vilagarcía é posible seguir o Camiño de Santiago orixinal. Segundo a tradición, os restos do Apóstolo foron transportados polos seus seguidores nunha barca de pedra, remontando a Ría de Arousa e o río Ulla, na súa ruta cara Compostela.

[www.portovilagarcia.es](http://www.portovilagarcia.es)  
[agonzalez@portovilagarcia.es](mailto:agonzalez@portovilagarcia.es)  
[comunicacion@portovilagarcia.es](mailto:comunicacion@portovilagarcia.es)  
Tel: 0034 986 565 920

